

COIDADO, UN DINOSAURO!

Fai unhas semanas apareceu un dinosauro no parque da nosa cidade. Chamábase Dracorex. A miña irmá Carlota e eu riámonos moitísimo vendo como as persoas maiores morrían de medo cada vez que o vían. Ata o valente garda do parque escapaba co medo.

O pobre dinosauro estaba moi asustado. Por iso decidimos levalo para a nosa casa ata que encontráramos un lugar onde se puidese quedar. O camiño de volta foi moi curioso, xa que por onde pasabamos co noso novo amigo, todos e todas fuxían gritando.

Os coches subían para as beirarrúas e tocaban o claxon como tolos. Os policías puxeron todos os semáforos en vermello, subíronse a eles e tocaban o silbato para espantar o dinosauro.

En definitiva, todas as persoas coas que nos cruzabamos de volta a casa fuxían de nós porque non coñecían ao noso novo amigo e tiñanlle medo por si lles facía dano.



Cando chegamos a casa, Dracorex estaba triste porque pensaba que os nosos pais non o aceptarían, pero eles non tiveron ningún problema en que o dinosauro quedara na nosa

casa por un tempo, xa que podería durmir no noso horto.

Na mañá seguinte, os nosos pais enfadáronse un pouco con Dracorex porque cando se levantaron, viron que comera todos os repolos, tomates, patacas e mazás que plantaran, e nese preciso momento mordía as follas do noso cereixo. Durante a comida, estirou a súa enorme cabeza a través da ventá e nun abrir e pechar de ollos, baleizou a fonte de ensalada.

Meus pais estaban moi enfadados, porque Dracorex acaba con toda a nosa comida e moitas veces non tiña un bo comportamento, pero eles viron que nós estábamos felices coa presenza do dinosauro da casa.

Así que entre todos, ensinámoslle normas para que se comportara dunha maneira correcta. Ao principio foi algo complicado, pero Dracorex é un dinosauro listo e aprendía moi rápido! Ogallá poidamos estar toda a vida co noso amigo o dinosauro!